


PEZA DO MES

abril

2010



BALANZA ROMANA



BALANZA ROMANA DO CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ

BALANZA ROMANA

A inquietude por contar cun mecanismo preestablecido de pesos e medidas, aceptado por una ampla comunidade, é inherente a todas as sociedades, e a súa adopción, non só significa un importante progreso cultural, senón que tamén reflicte o proceso evolutivo desa sociedade, pondo de manifesto as relacións entre os diferentes pobos. Por iso, os sistemas métricos constitúen pautas culturais moi arraigadas, que permiten o desenvolvemento do comercio máis alá do troco, e o cobro de impostos e tributos.

Os instrumentos de medida utilizados polos romanos son ben coñecidos ao longo da historia, sobre todo desde que Augusto, para facilitar as relacións comerciais, tomou a decisión de impoñer en todo o imperio o sistema romano de pesos, medidas e moedas. Polo que a presenza destes instrumentos non é rara no panorama arqueolóxico, pero a súa fragmentación, –resulta excepcional atopar algún exemplar completo– e a súa descontextualización dificultan enormemente o seu estudo e, por conseguinte, a súa achega á interpretación arqueolóxica queda reducida.

Os romanos, que tomaron dos gregos a balanza, inventaron e xeneralizaron outro trebello, coñecido como *statera*, que como veremos, é menos exacto que a balanza grecorromana, pero polo contrario resulta de uso máis rápido, de manexo máis simple e fácil de transportar. Resulta curioso observar a confusión que dende os primeiros momentos creou a denominación destes instrumentos.

A balanza clásica, coñecida como *libra* ou *talentum*, consta dun traveseiro horizontal (*scapus*) dividido na metade por un fiel (*iugum*). Nas extremidades dos brazos conta cunha unha pequena argola (*ansa*), da que enganchan por medio de cadeas os pratos (*lences*). O

mecanismo é moi sinxelo, tendo en conta a lei da panca e a forza da gravidade: o peso da masa, depositado nun prato, calcúlase buscando o equilibrio con outro prato, no que se coloca a referencia por medio de ponderais. Algunhas veces, este esquema simple varía pola substitución dun dos pratos por un peso fixo, ou pola presenza dun contrapeso móbil.

O principio esencial do funcionamento da balanza remóntase a datas moi antigas. A civilización exipcia deixounos boa mostra do seu coñecemento no “Libro dos Mortos”, colección de papiros, nos que se representa o “Xuízo de Osiris”, facendo referencia á *Psicostasis*, peso dos mortos. Así mesmo, nos vasos cerámicos gregos, como no de Arkesilaos, aparece a representación da balanza, no contexto da escena do peso do *silfium*, presidida polo rei de Cirene.

A *statera* ou *trutina*, balanza tipicamente romana, chamada tamén “campana”, pola rexión de Italia onde parece que se empezou a empregar, consta dunha barra horizontal dividida por un anel de suspensión en dous brazos desiguais. O brazo menor estaba provisto dunha serie de ganchos, uns destinados ao prato da balanza e outros á suspensión da mercadoría. O brazo maior, habitualmente de sección circular ou prismática, estaba dividido por trazos numerados ou graduados a base de pequenas incisións, que en función do tamaño da balanza fan referencia a libras, onzas ou medias onzas. Neste brazo corre un peso cursor ou contrapeso (*aequipondium*), que equilibraba a balanza e permitía obter o peso do que quería pesar.

No curso dos traballos arqueolóxicos realizados en 1989 no Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé documentouse, entre o material exhumado, unha barra de bronce de sección circular, que diminúe de diámetro cara aos extremos, que aparecen fragmentados, e cun elemento para suspensión no centro.

Aínda que moi incompleta, interpretámola como unha balanza grecorromana, da que só se conserva o *scapus*, coa particularidade que nun dos brazos están presentes as típicas incisións, que sinalan o peso.

A balanza de Santomé corresponde a un modelo intermedio entre a balanza grecorromana e a *statera*. Se, por unha parte, presenta un traveseiro cun fiel que a divide máis ou menos en parte iguais, o que a emparenta coa típica balanza, por outra, un dos brazos mostra as características incisións, en número de dezanove, polo que se despraza o *aequipondium*, reproducindo o mesmo mecanismo que a *statera*. Este sistema permite apreciar a diferenza de peso entre os dous obxectos postos nos pratos. Este tipo de balanza non é moi usual, pero cada vez son máis os exemplares que se van saíndo á luz procedentes dos almacéns dos museos e das escavacións recentes. Ao coñecido exemplar de Pompeia, conservado no Museo de Nápoles, hai que engadir os dos museos de Berlín e Británico, así como os descubertos nas escavacións de *Conimbriga*.

Existían tamén balanzas denominadas de peso fixo, que presentan un traveseiro cun prato suspendido dun lado, e do outro un contrapeso fixo. Estas balanzas serven para verificar o peso dun determinado obxecto, sobre todo moedas de valor (ouro ou prata), segundo consta en determinados textos antigos e confirman os achados. Unha balanza documentada en Osuna (Sevilla), presenta a particularidade de que o grosor dos pratos non é o mesmo, de tal xeito que a balanza está desequilibrada, podendo equilíbrala cun peso de 7,25 gr, que é o peso establecido para os áureos, polo que resulta fácil supoñer que era unha balanza utilizada para este fin. Outra semellante, de *Castra Caecilia* amosa como contrapeso un pato, segundo se pode ver nunha acuarela, posto que o exemplar orixinal desapareceu na Segunda Guerra Mundial.

O *aequipondium* é o contrapeso móbil que se despraza polo brazo graduado da balanza ou romana, para levar a cabo a pesada. Habitualmente son de bronce, nalgúns casos están recheos de chumbo para alcanzar o peso requirido para o seu correcto funcionamento. Adoptan diferentes deseños como ánforas, belotas, dobre cono ou representan o busto de Minerva sobre un pedestal, como o conservado no Museo Arqueolóxico Nacional.

Os ponderais son os pesos que se utilizaban para equilibrar a balanza. Asumían diversas formas, adoptan as mais correntes formas esféricas, semiesféricas e prismáticas. A miúdo levan marcas, algunhas serven para expresar o seu peso respecto á libra, outras parecen facer referencia a unha orixe común de fabricación. Nalgún caso sufriron unha extracción de metal para axustar o peso.

No sistema ponderal romano, os referentes de peso básico eran a *libra* e os seus divisores, *uncia*, 1/12 de *libra*, *semuncia*, 1/24, *sicilicus*, 1/48, *scripulum*, 1/228,



STATERA ROMANA ACHADA EN VALENCIA

ou o que é o mesmo 1/24 de *uncia*. Había outras medidas intermedias entre a *libra* e a *uncia*, como o *deunx*, o beso ou o *sextans*. O valor exacto da *libra* cambia no tempo e no espazo, oscilando entre 327,45 gr que era o peso normal, e 323,58, segundo apuntan algúns autores como Lazzarini.


O goberno romano preocupábase por exercer o control e garantir a exactitude das pesadas, para o que no Capitolio de Roma depositaban ponderais modelo, e en diferentes templos da cidade balanzas tipo, das que existían replicas nas principais cidades. Sirva de exemplo a *statera* atopada en Valencia, cun texto gravado, no que se pon de manifesto que pasou un control de fiabilidade en Roma, en tempos do sexto consulado de Traiano (112 d.C.). Así mesmo existía un corpo de funcionarios encargado do control e supervisión dos instrumentos de medida. Pero será coa reforma monetaria decretada por Constantino no ano 324, que levaría consigo importantes modificacións no sistema ponderal e no perfeccionamento das balanzas, cando definitivamente se pretende rematar con todas as irregularidades, coa creación da *exagia*, pesos-modelo utilizados para verificar e regular a exactitude dos pesos que se empregaban nas transaccións comerciais.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web:**
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

Museo Arqueolóxico

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xulio Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
G a l i c i a